

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 29 de outubro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaseis minutos do día vinte e nove de outubro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1.704).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia por todos os asistentes.

**2(1.705).- CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AVCD DE LAVADORES PARA A SUBVENCIÓN DE OBRAS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 9788/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 20 de setembro de 2010, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro delegado de Deportes, vistos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal dos días 7 e 26 de outubro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes e a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, para subvencionar as

obras de reforma e mellora da Pista Polideportiva da Asociación Veciñal.

2º.- Aprobar o gasto de 96.000 €. a favor da entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, co CIF: G-36633618, con enderezo social na Avda. Ramón Nieto, 302, 36205, e numero de conta corrente: 2080.0130.25.0040003704. Este crédito e con cargo á partida 3410.780.00.10 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE ASOCIACIÓN VECIÑAL,  
CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA A SUBVENCIÓN DAS OBRAS DE  
MELLORADA PISTA POLIDEPORTIVA DA ASOCIACIÓN VECIÑAL.**

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dez*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no tenente alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra parte, don Eduardo Fernández Pérez como presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, CIF nº G-36.633618 e enderezo social na Avda. Ramón Nieto, 302, 36205, e na representación da mesma, segundo resulta da Certificación emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Delegación Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia e da certificación do seu secretario que figura na documentación que se xunta no presente expediente.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

**I.-** *Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, CIF-G. 36633618, é a entidade propietaria do terreo no que está situada a pista polideportiva obxecto deste expediente de subvención, coa referencia Catastral 6355803 NG2765N 0001 GU. Así mesmo, segundo a documentación que se adxunta, a actividade deportiva atópase entre os usos obxecto dos terreos.*

*A actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación dun importante volume de xoves deportistas da cidade en gran cantidade de actividades deportivas.*

*Ademais, o desenvolvemento deste proxecto considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

**II.-** *Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

**1.** *Colaborar na consolidación dunha rede de infraestruturas deportivas aberta á participación do maior*

número de entidades deportivas.

- 1 Optimizar os recursos das infraestruturas deportivas existentes na cidade, mellorando as condicións e a capacidade das mesmas.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 9 de abril de 2010, na partida 3410.780.00.10 “Mellora Instalacións Deportivas” prevé nominativamente crédito adecuado e suficiente para o obxecto deste convenio.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes, conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto de reforma e mellora da pista polideportiva da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores.

**V.-** Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores (G-36.633618) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran anexas os presente expediente.

**VI.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa esta actuación, o Concello de Vigo e a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores (G-36633618) comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva.

3º.-Participar cos deportistas da entidade nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolva a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellaría de Deportes.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores (G-36633618) na

tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos da entidade na cidade de Vigo.

2º.- Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores (G-36633618) unha subvención por importe de 96.000€ con cargo á partida orzamentaria 3410.780.00.10 “Mellora Instalacións Deportivas”, do orzamento en vigor co obxecto de coadjuvar ao financiamento do desenvolvemento do proxecto presentado de mellora e remodelación da pista polideportiva situada nas instalacións que a propia asociación veciñal posúe.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a obra subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da obra subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da obra subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da obra subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a totalidade do obxecto da subvención.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó **financiamento** municipal da obra subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo na propia instalación, a través de cartalaría elaborada ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da obra subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a obra subvencionada.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos

*gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

- *Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

**Oitavo.-** *Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

**Noveno.-** *Atendendo a que a finalidade da subvención está referida á execución dunha obra, a beneficiaria está autorizada á subscrición da subcontratación da obra obxecto deste convenio para o cal deberá solicitar como mínimo 3 ofertas, xustificando a elección da oferta aceptada, e formalizará o contrato que se subscriba por escrito.*

*En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas cos criterios establecidos no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*

**Décimo.-** *A realización da obra subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

**Décimo primeiro.-** *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

**Décimo segundo.-** *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento do proxecto subvencionado se traduza nunha diminución significativa, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

**Décimo terceiro.-** *Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

**Décimo cuarto.-** *A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso*

subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo quinto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2010.”

### **3(1.706).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DA ADQUISICIÓN E IMPLANTACIÓN DUN AUTOBÚS ELÉCTRICO NO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 5884/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico do 27-10-2010, conformado polo delegado de área, vistos así mesmos os informes das Asesoría Xurídica e o de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 27 e 28 de outubro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 5884/307 para a adquisición e implantación dun autobús eléctrico preciso para a prestación dun servizo específico de transporte público no Casco Histórico de Vigo.

2º.- Aprobar o gasto de 429.189,60 €. euros para a adquisición e implantación dun autobús eléctrico preciso para a prestación dun servizo específico de transporte público no Casco Histórico de Vigo que se imputarán á partida 3360.624.00.04 Estudio e implantación transporte eléctrico no casco Vello, dos orzamentos vixentes.

3º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas técnicas particulares, de data 15/10/2010 e o prego cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración por procedemento aberto e trámite de urxencia con múltiples criterios de adxudicación de data 19/10/2010.

### **4(1.707).- INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIAS DE FUNCIONAMENTO E REORDENACIÓN DA PISCINA DA FLORIDA. EXPTE. 9842/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19-10-2010, do director deportivo do IMD-coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e informado pola Asesoría Xurídica o 28-10-2010, que di o seguinte:

“Atendendo a próxima finalización das obras vinculadas o contrato de xestión de servizo publico para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, e tendo en conta a orden de servizo do Concelleiro de Deportes iniciase o expediente conducente a proceder a adecuación das instrucións de funcionamento para a posta en marcha do programa deportivo e de actividades vinculado o proxecto de xestión das Piscinas de Barreiro e Florida, así como realizar unha reordenación e complementación dos prezos dos servizos destas instalacións, para dar cumprimento o propio proxecto deportivo e de actividades.

### **1.- Antecedentes:**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da raza central do polígono 1 do PERI II-12-A Florida B e na parcela do PERI 4 Barreiro II.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adjudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte. 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de , deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

### **2.- Instrucións complementarias de funcionamento e reordenación e complementación dos prezos previstos para a realización do proxecto deportivo e de actividade vinculado o contrato de xestión de servizo público con execución de obra dúas piscinas cubertas na aprcela da praza central do polígono I do Peri II -12 A Florida B e no Peri 4 de Barreiro II.**

#### **2.1.- Criterios para a definición das tarifas de aplicación no proxecto de xestión:**

En relación as condicións que regulan os ámbitos de xestión das piscinas debemos referirnos a que o prego de prescricións técnicas que regula este contrato determina unha serie de tarifas de aplicación en base o proxecto de explotación, as mesmas (apartado 3.2.1) unicamente fan referencia os seguintes conceptos; entrada individual 3,00 €, abono individual 31,00 €, abono matinal 22,00 €, abono xoven 26,00 €, abono terceira idade 22,00 €, abono familiar titular, 31,00 €, abono familiar conxugue 6,00 €, abono familiar fillo 6,00 €. De forma específica tamén establece que os licitadores na súa oferta poderá propoñer tarifas mais baratas, mantendo o equilibrio da concesión.

Ademais da anterior referencia, sobre as tarifas de aplicación para a xestión desta concesión, o mesmo prego de prescricións técnicas especifica no apartado “3.2.4. Proxecto de xestión” os criterios mínimos que deben especificar os licitadores no proxecto, das cales debemos destacar:

- o “descrición do programa de actividades e deportivo”.
- o “Plan económico e financeiro da concesión, que terá que incluír, como mínimo .... , a previsión de ingresos de explotación da piscina...”

Así mesmo, no apartado “3.2.5 Programa deportivo e de actividades” establece, que “o licitador presentará un programa deportivo e de actividades para todas as idades, con expresa mención dos detalles de horarios, números de prazas, modalidades deportivas, etc.”

No apartado “8.1 Tarifas” do prego de cláusulas administrativas particulares, especifica que:

- o “Tendo en conta as tarifas máximas que constan no apartado 3.2.1 do prego de prescricións técnicas propoñeranse polos licitadores as tarifas para a entrada e uso das instalacións deportivas, así como as referidas ás actividades complementarias que se presten nas mesas.”
- o “Os licitadores na súa oferta poderán propoñer conceptos de tarifas distintos ós básicos que constan no apartado 3.2.1 do prego de prescricións técnicas.”

En relación a estes criterios, o proxecto de xestión presentado pola entidade adxudicataria, do contrato de xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas, na parcela da raza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B, e na parcela do PERI 4 Barreiro II, contempla como parte sustancial do contido descritivo da oferta lo licitador, un desglose pormenorizado das diversas actividades que formarán parte da oferta físico deportiva das instalación, do cal, recollemos a continuación o guión do mesmo:

### **Programa Técnico de Actividades Acuáticas**

#### **Programa de Actividades acuáticas para nenos:**

- **Programa de actividades Acuáticas para bebés.**
  - o Actividade Acuática para bebés.
  - o Actividade Acuática e Masaxe para bebés.
- **Programa Escola Acuática.**
  - o Escola Acuática Infantil.
  - o Escola de Actividades Acuáticas.
  - o Escola Iniciación Actividades Acuáticas de Competición.
- **Programa de Natación Escolar.**
- **Multiactividade Acuática Infantil.**
  - o Natación Sincronizada.
  - o Waterpolo.

#### **Programa de Actividades acuáticas para adultos:**

- **Programa de Natación Adultos.**
  - o Programa de Iniciación a Natación.
  - o Programa Medio de Natación.
  - o Programa de Perfeccionamento.
  - o Programa Master.
- **Programa 3ª Idade**
  - o Programa de Natación Terapéutica
  - o Programa de Ximnasia Acuática.
- **Programa Natación Saudable.**
- **Actividades Acuáticas Adultos.**
  - o Programa de Aquagym.
  - o Programa de Aquapower.
- **Programa de Matronatación.**

### **Programa Técnico de Actividades Dirixidas e de Musculación:**

#### **Programa da sala Cardio e Musculación.**

- o Programa de Acondicionamento Físico Xeral
- o Programa Cardio mais G. .A. P (glúteos, abdominais, pernas)
- o Programa de mellora Cardio Vascular
- o Programa de fortalecemento Abdominal e Lumbar
- o Programa de Desenrolo Muscular



- o Programa de Fortalecemento das Costas
- o Programa de Iniciación Muscular
- o Programa de Seguimento.

**Programa de actividades dirixidas**

- o Programa de Aerobic.
- o Programa de GAP (glúteos , abdominais, pernas)
- o Programa de Step
- o Programa de Aerostep.
- o Programa de Bailes Modernos (batuka, funky, latino)
- o Programa de Bailes de Salón.
- o Programa Ximnasia de Mantemento.
- o Programa de Pilates.
- o Programa de Streching.
- o Programa de Fitball - Pilates.
- o Programa de Fitball.
- o Programa de Body Power.
- o Programa de Cardio Box.
- o Programa de Spinning.
- o Programa de Aerobic Infantil.

**Programa Técnico de Integración a Través do Deporte**

Programa Técnico de Integración a Través do Deporte para Nenos

**Programa de Actividades acuáticas para nenos:**

- o Programa de Natación Especial Infantil.

**Programa de actividades dirixidas para nenos:**

- o Programa de Especial Fit.

Programa Técnico de Integración a Través do Deporte para Adultos

**Programa de Actividades acuáticas para adultos:**

- o Programa de Natación Especial para Adultos.

**Programa de actividades dirixidas para Adultos:**

- o Programa de Ximnasia de Mantemento Especial.

2.2.- Tarifas propostas para este proxecto de xestión:

Da análise dos diversos apartados do proxecto de xestión, aprobado coa adxudicación deste contrato a concesionaria (Aqua Vigo Xestión Deportiva, S.A.), desprendese os seguinte conceptos de tarifas para a regulación dos servizos das piscinas:

a.- Tarifas definidas do apartado 4 da proposta económica:

ABONADO INDIVIDUAL	30,00 €
ABONADO JOVEN	20,00 €
ABONADO 3ª EDAD	18,00 €
ABONADO MATINAL	15,00 €
ABONADO DISCAPACITADO	15,00 €
ABONADO FAMILIAR TITULAR	30,00 €
ABONADO HIJO	5,00 €
ABONADO CONYUGE	5,00 €

PLUS ZONA SPA	10,00 €
---------------	---------

Cursos		Abonados	Eventuais
Adultos	1 d/s	20,00 €	40,00 €
	2 d/s	40,00 €	80,00 €
	3 d/s	56,00 €	112,00 €

		Abonados	Eventuais
Nenos	1 d/s	20,00 €	40,00 €
	2 d/s	40,00 €	80,00 €
	3 d/s	56,00 €	112,00 €

		Abonados	Eventuais
3ª Idade	2 d/s	25,00 €	50,00 €
Nat. terapéutica	2 d/s	31,50 €	63,00 €
Pre-post parto	2 d/s	31,50 €	63,00 €
Actividades	2 d/s	40,00 €	80,00 €

b.- No apartado do plan económico e financeiro que se contempla no proxecto especificase:

- b.1.- Que os prezos dos abonados teñen unha duración mensual.
- b.2.- A empresa está aberta a inclusión de novas tarifas complementarias a estas en base a evolución da demanda destes centros.
- b.3.- Que existe unha matrícula vinculada os abonos e o seu valor e igual a mensuralidade da cuota elixida.
- b.4.- Defínense as entradas puntuais como:
  - o baño libre menores 18 anos: 2,00 €.
  - o Baño libre maiores 18 anos: 3,00 €.
  - o Aluguer de espazos: 18,00 €/ por rúa.
- b.5.- No apartado 3.4.- especificase que co fin de complementar os servizos deportivos en pro dunha maior calidade, instalárase no complexo un stand de venda de material e complementos onde o usuario poderá atopar todo o necesario para a práctica deportiva.

2.3.- Necesidade da actualización das instrucións de funcionamento para a posta en marcha dos servizos e programas deportivos da instalación da Florida.

De todos os aspectos necesarios para a posta en marcha deste novo servizo, e os procesos de xestión, e tendo en conta os criterios establecidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescrición técnicas, así como nos diversos apartados do proxecto de xestión aprobado coa adxudicación deste contrato, e necesario que por parte da empresa concesionaria se proceda a redacción dunha proposta de ordenación e definición específica dos seguintes criterios:

- o Accesos a instalación:  
Definición concreta dos dereitos vinculados a entrada individualizada, definindo os posibles usos, os tempo de permanencia na instalación, etc.
- o Sistemas de altas e baixas:  
Definición dos procedementos vinculados coas opcións de abonados, cursos, etc., definindo os períodos de cada un dos servizos e especificando os procesos así como todas as obrigas para os usuarios/as.
- o Instrucións básicas para a definición dos usos das instalación.  
Instrucións xerais para os cursos .  
Instrucións de uso das duchas e vestiarios.

- Instrucións de uso das piscinas e da zoa de spa.
- Instrucións de uso da sala de fitness e musculación.
- Instrucións de uso das salas de actividades.
- Instrucións para a reserva dos espazos deportivos.

#### 2.4.- Adecuación e actualización dos servizos previstos no proxecto de xestión e determinación dos prezos que contemplen toda a variabilidade dos usos contemplados no programa de xestión:

En relación a complexidade inherente a definición pormenorizada de todas as posibilidades de uso das instalacións, en relación o proxecto definitivo, atopamos a necesidade de reordenar certos conceptos sobre as tarifas descritas no propio proxecto de xestión, de cara a facilitar os usuarios/as a participación nos servizos contemplados

En relación os aspectos expostos, o concesionario deberá propoñer os métodos para a regulación de algúns servizos, considerados como básicos para poder facilitar o cumprimento das propias instrucións de funcionamento de acordo coas seguintes propostas como aspectos mais importantes:

##### 2.4.1.- En relación os procedementos de altas e baixas:

- a.- Sistemas de control de acceso individualizado. Atendendo a obriga de establecer un proceso de xestión informatizado a través dun control individualizado con tarxetas de lectura informática, deberá regularizarse as obrigas dos usuarios en relación a manter un nivel de uso racional destes elementos en base a:
  - o Fianza inicial por emisión de tarxeta individualizada de lectura informática
  - o Sistema de reposición da tarxeta perdida.
- b.- Domiciliacións bancarias dos pagos regulares: Establecer os criterios para os procesos de domiciliación bancaria definindo as obrigas dos usuarios/as en relación os gastos das devolucións bancarias.

##### 2.4.2.- Regulación das tarifas en relación os programas de actividades:

- a.- Definición dos períodos vinculados as tarifas de actividades.
- b.- Inicialmente as tarifas existentes non contemplan ningunha especificidade en relación os seguintes programas que se entenden fundamentais para mellorar a oferta da instalación:
  - b.1.- Natación escolar: este programa demanda unha regulación individualizada atendendo a especificidade dos usos que xenera.
  - b.2.-Programas específicos e individualizados na sala Cardio e Musculación: para unha operatividade no desenvolvemento destes programas individualizados en relación o compromiso dos usuarios sobre a súa execución e seguimento e necesario regularizar especificamente os diversos niveis desta actividade.
  - b.4.-Instrucións de funcionamento: de cara a unha regulación funcional de instalación existen unha serie de obrigas dos usuarios en relación a súa actividade na instalación que levan implícito a necesidade de poder ampliar os servizos inicialmente proposta de cara a mellorar as condicións dos usuarios/as, polo cal proponse a necesidade de establecer una norma específica e unha tarifa vinculada a mesma en relación os seguintes procesos:
    - o Aluguer mensual de taquillas.
    - o Aluguer de toallas.
  - b.5.-O proxecto de xestión contempla a posta en funcionamento dun stand de venda de material e complementos onde o usuario poderá atopar todo o necesario para a práctica deportiva. En relación a este concepto e necesario regularizar o contido deste concepto tendo en conta que o mais importante e poder facilitar os complementos básicos necesario en relación a execución das actividades deportivas que se desenvolven na instalación polo cal o licitador deberá

contemplar neste apartado tanto elementos necesarios para a practica deportiva (gorro de baño, gafas, chanclas, etc.), así como bebidas básicas que complementariamente son demandadas por los usuarios.

### 3.- Proposta das instrucións de funcionamento necesarias para a posta en marcha do proxecto de actividades e servizos da instalación da Florida:

Con data 21 de setembro solicitase a empresa concesionaria AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A., o desenvolvemento das instrucións de funcionamento necesarias para a posta en marcha do proxecto de actividades e servizos da instalación da Florida no cal se contemplen todos os ámbitos requiridos neste informe.

A empresa concesionaria presenta con data 4 de outubro presenta o documento que se anexa, como instrucións de funcionamento para a posta en marcha do programa de actividades e servizos da instalación da Florida, do cal debemos destacar:

- a.- Accesos a instalación: Especificanse as peculiaridades dos procesos de xestión para regular o funcionamento dos servizos da instalación, esta proposta contempla os diversos niveis de acceso establecendo os procesos necesarios para o funcionamento da instalación.
- b.- Procedementos de altas e baixas: As instrucións de funcionamento propostas desenvolve para cada un dos programas todos os criterios necesarios, establecendo as datas específicas, así como os procedementos vinculados coas listas de espera, etc. Todos estes procesos serán desenvolvidos a través dunha ferramenta informática, facilitando as domiciliacións bancarias e os pagos e reservas anticipadas.
- c.- Regulación das tarifas en relación os programas de actividades: No proxecto de xestión requirido para poder desenvolver o proxecto de actividades e servizos da piscina de Florida, contemplase a reorganización das tarifas propostas e a complementación con novos prezos que posibiliten a execución de todas estas actuacións consideradas necesarias para a optimización da xestión das piscinas. O novo cadro de tarifas é o seguinte:

#### c.1.- Prezos de abonados a instalación:

Os conceptos de abonados correspóndense con cotas mensuais. Para darse de alta como abonado existirá unha matrícula que terá o mesmo importe que o prezo da mensuralidade. Sobre os prezos inicialmente propostos, estableceuse unha opción de desconto dun 10 % no caso de pagar de forma conxunta as 12 mensuralidades.

CONCEPTO	PRECIO ABONAD@S
MATRÍCULA	mesmo importe que o Abono contratado
ABONADO INDIVIDUAL	30,0 €
ABONADO XOVEN	20,0 €
ABONADO 3º IDADE	18,0 €
ABONADO DISCAPACITADO	15,0 €
ABONADO MATINAL	15,0 €
ABONADO FAMILIAR TITULAR	30,0 €
ABONADO FAMILIAR CÓNXUXE	5,0 €
ABONADO FAMILIAR FILLOS	5,0 €

CUOTAS ANUALES DE ABONADOS	12% DESCONTO MENSUAL (PAGO DE 12 MESES) 6% DESCONTO MENSUAL (PAGO DE 6 MESES)
----------------------------	----------------------------------------------------------------------------------

c.2.- Prezos para os programas de cursos:

Establécense criterios de aclaración das tarifas propostas polo licitador en relación a periodicidade dos pagos, cunha aplicación trimestral. Tendo en conta a variabilidade das actividades propostas e de cara a establecer unha actuación coherente sobre estas actividades, a proposta definitiva dos prezos, ampliase cos mesmos importes as actividades nas salas e realizase unha nova aplicación para cursos especializados.

Actividades	Conceptos	Abonad@s	Non abonad@s
CURSOS PISCINA	C. ADULTOS / NENOS 1 DIA/S (cuota trimestral)	20,00 €	40,00 €
	C. ADULTOS / NENOS 2 DIA/S (cota trimestral)	40,00 €	80,00€
	C. ADULTOS / NENOS 3 DIA/S (cota trimestral)	56,00 €	112,00 €
	3º EDAD 2 DIAS/S (cota trimestral)	25,00 €	50,00 €
	EMBARAZAUGA (PRE-POST PARTO) 2 DÍAS/S (cuota trimestral)	31,50 €	63,00 €
	EMBARAZAUGA (PRE-POST PARTO) 1 DÍAS/S (cuota trimestral)	15,750 €	31,50 €
	<i>NATACIÓN ESCOLAR (cuadrimestral Anpas) 1D/S</i>		35,00 €
CURSOS ACT. FISICAS EN SALA	C. ESPECIALIZADOS DE SALA 2 D/S (cota trimestral)	40,00€.	80,00€.
	C. ESPECIALIZADOS DE SALA 1 D/S (cota trimestral)	20,00€.	40,00€.

c.3.- Entradas de acceso libre a instalación:

Regúlense os criterios básicos para os conceptos de entrada na instalación en relación a los usos demandados:

Concepto de entrada	Tempo	Adult@s	Menores
ENTRADA LIBRE PISCINA	1H (adultos / nen@s)	3,00 €	2,00 €
ENTRADA LIBRE SALA FITNESS	1H (adultos / nen@s)	3,00 €	2,00 €
ENTRADA LIBRE COMPLETA con SPA	Sen restricción horaria ni de zona	10,0 €	
ALUGUER DE ESPAZOS DEPORTIVOS	Aluguer de 1 rúa da piscina / 1 hora		18,00 €
	Aluguer de 1 sala de actividades dirixidas		18,00 €

c.4.- Adestramentos sala fitness:

En relacións a diversidade da demanda que xera unha instalación de fitness como a prevista nas instalacións de Barreiro e Florida, faise necesario a regulación das diversas actividades de atención individualizada. Neste sentido, e tendo en conta que estes servizos serán solo de aplicación para

abonados, especificanse os seguintes conceptos para garantir un adecuado uso da instalación:

Servizos ofertados unicamente para abonados:

ADESTRAMENTOS BÁSICOS PERSONALIZADOS		Sin coste para os ABONADOS
ADESTRAMENTOS ESPECIFICOS PERSONALIZADOS	PREZO MENSUAL	15,0 €
PERSONAL TRAINING	PREZO 1 SESIÓN	15,0 €
	BONO 5 SESIÓN	65,0 €
	BONO 10 SESIÓN	120,0 €

c.5.- Outros servizos complementarios e conceptos de xestión administrativa da instalación.

Tendo en conta as diversidades previstas no proxecto de xestión aprobado coa adxudicación deste contrato, a xestión dos complexos deportivos de Barreiro e Florida, demandan a definición dunha serie de conceptos que por un lado faciliten o uso das instalación a todos os usuarios e todas as usuarias, en relación coa prestación dun mellor servizo, polo cal establécense os seguintes conceptos de prezos:

SERVIZO DE ALUGUER DE TOALLAS	ALUGUER TOALLA PEQUENA POR ACCESO	0,70 €
	ALUGUER TOALLA GRANDE POR ACCESO	0,80 €
	BONO MENSUAL TOALLA PEQUENA (1 POR ACCESO)	6 €
	BONO MENSUAL TOALLA GRANDE (1 POR ACCESO)	10 €

ALUGUER MENSUAL DE TAQUILLAS	SERVIZO MENSUAL	10,0 €
---------------------------------	-----------------	--------

OUTROS	FIANZA CARNET USUARIO	3,0 €
	PERDA A PARTIR DO 2ª CARNET DE USUARIO	3,0 €
	PERDA DA CHAVE DA TAQUILLA	3,0 €
	GASTOS DEVOLUCIÓN BANCARIA	1,0 €

c.7.- Servizos complementarios de Vending:

O proxecto de xestión contempla a posta en funcionamento dun stand de venda de material e complementos onde o usuario poderá atopar todo o necesario para a práctica deportiva. En relación a este concepto defínese que o obxecto do mesmo centrase en poder facilitar os complementos básicos necesario en relación a execución das actividades deportivas que se desenvolven na instalación polo cal este servizo ofrecerá tanto elementos necesarios para a practica deportiva (gorro de baño, gafas, chanclas, etc.), así como bebidas básicas que complementariamente son demandadas por los usuarios.

De forma xeral e a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, as modificacións descritas anteriormente, teñen como obxecto fundamental proceder a regulación operativa dos servizos que de maneira obrigatoria debe prestar o adxudicatario para poder desenvolver adecuadamente o proxecto deportivo presentado, e responder os criterios de calidade e organización esixidos polo Concello de Vigo. Entre as modificación mencionadas debemos destacar dous aspectos:

- a) Complementación das instrucións de funcionamento: Neste ámbito, todos os novos criterios son demandados polo Concello de Vigo a Concesionaria co obxectivo de favorecer un uso racional da instalación, beneficiando os usuarios/as nos procesos administrativos e reorganizando os servizos de atención para optimizar os mesmos e establecer pautas que melloren as prestacións xerais da atención ao público nos complexos deportivos de referencia.
- b) Establecemento e reorganización das tarifas propostas: A aplicación destas instrucións de funcionamento para o usuario/a, así como novas obrigas para a empresa concesionaria en relación a reorganización das tarifas propostas e a complementación con novos prezos que posibiliten a execución de todas estas actuacións consideradas necesarias para a optimización da xestión das piscinas.

En relación a estes dous aspectos e segundo os datos xenéricos que se contempla neste informe, consideramos que en ningún caso vea modificado o proxecto económico de xestión deste contrato, xa que as novas obrigas para a empresa concesionaria, non xeran ningún desaxuste económico nos procesos de explotación, cuestión confirmada pola propia concesionaria no informe complementario a presentación destas instrucións de funcionamento. Así mesmo, a reorganización das tarifas propostas, e a complementación con novos prezos, están fundamentados cos criterios anteriores, e tal como se especifican no ámbito deste informe, os mesmos responden en cada caso, a procesos fundamentalmente de regulación dos usos, polo cal, non terán en ningún caso, incidencia positiva ni negativa na estimación prevista dos ingresos da concesionaria, segundo se especifica no anexo I sobre o estudo de incidencia económica do novo cadro de prezos.

Tendo en conta todos os aspectos expostos no presente expediente de adecuación das instrucións de funcionamento para a posta en marcha do programa deportivo e de actividades vinculado o proxecto de xestión das Piscinas de Barreiro e Florida, así como realizar unha reordenación e complementación dos prezos dos servizos destas instalacións, para dar cumprimento o propio proxecto deportivo e de actividades proposta pola por parte da actual concesionaria, AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A, e previo os informes oportunos, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobación da reordenación e complementación dos prezos previstos para a realización do proxecto deportivo e dos servizos vinculados o proxecto de xestión das Piscinas de Florida de acordo cos seguintes conceptos:

Prezos de abonados a instalación:

CONCEPTO	PRECIO ABONAD@S
MATRÍCULA	mesmo importe que o Abono contratado
ABONADO INDIVIDUAL	30,0 €
ABONADO XOVEN	20,0 €
ABONADO 3º IDADE	18,0 €

ABONADO DISCAPACITADO	15,0 €
ABONADO MATINAL	15,0 €
ABONADO FAMILIAR TITULAR	30,0 €
ABONADO FAMILIAR CÓNXUXE	5,0 €
ABONADO FAMILIAR FILLOS	5,0 €
CUOTAS ANUALES DE ABONADOS	12% DESCONTO MENSUAL (PAGO DE 12 MESES) 6% DESCONTO MENSUAL (PAGO DE 6 MESES)

Prezos para os programas de actividades:

Actividades	Conceptos	Abonad@s	Non abonad@s
CURSOS PISCINA	C. ADULTOS / NENOS 1 DIA/S (cota trimestral)	20,00 €	40,00 €
	C. ADULTOS / NENOS 2 DIA/S (cota trimestral)	40,00 €	80,00€
	C. ADULTOS / NENOS 3 DIA/S (cota trimestral)	56,00 €	112,00 €
	3º EDAD 2 DIAS/S (cota trimestral)	25,00 €	50,00 €
	EMBARAZAUGA (PRE-POST PARTO) 2 DÍAS/S (cota trimestral)	31,50 €	63,00 €
	EMBARAZAUGA (PRE-POST PARTO) 1 DÍAS/S (cota trimestral)	15,750 €	31,50 €
	<i>NATACIÓN ESCOLAR (cuadrimestral Anpas) 1D/S</i>		35,00 €
CURSOS ACT. FISICAS EN SALA	C. ESPECIALIZADOS DE SALA 2 D/S (cuota trimestral)	40,00€.	80,00€.
	C. ESPECIALIZADOS DE SALA 1 D/S (cota trimestral)	20,00€.	40,00€.

Entradas de acceso libre a instalación:

Concepto de entrada	Tempo	Adult@s	Menores
ENTRADA LIBRE PISCINA	1H (adultos / nen@s)	3,00 €	2,00 €
ENTRADA LIBRE SALA FITNESS	1H (adultos / nen@s)	3,00 €	2,00 €
ENTRADA LIBRE COMPLETA con SPA	Sen restricción horaria ni de zona	10,0 €	
ALUGUER DE ESPAZOS DEPORTIVOS	Aluguer de 1 rúa da piscina / 1 hora		18,00 €
	Aluguer de 1 sala de actividades dirixidas		18,00 €

Adestramentos sala fitness: Servizos solo para abonados:



ADESTRAMENTOS BÁSICOS PERSONALIZADOS		Incluídos para os ABONADOS
ADESTRAMENTOS ESPECIFICOS PERSONALIZADOS	PREZO MENSUAL	15,0 €
PERSONAL TRAINING	PREZO 1 SESIÓN	15,0 €
	BONO 5 SESIÓNS	65,0 €
	BONO 10 SESIÓNS	120,0 €

Outros servizos complementarios e conceptos de xestión administrativa da instalación.

SERVIZO DE ALUGUER DE TOALLAS	ALUGUER TOALLA PEQUENA POR ACCESO	0,70 €
	ALUGUER TOALLA GRANDE POR ACCESO	0,80 €
	BONO MENSUAL TOALLA PEQUENA (1 POR ACCESO)	6,00 €
	BONO MENSUAL TOALLA GRANDE (1 POR ACCESO)	10,00 €

ALUGUER MENSUAL DE TAQUILLAS	SERVIZO MENSUAL	10,00 €
	PERDA DA CHAVE DA TAQUILLA	3,00 €

OUTROS	FIANZA CARNET USUARIO	3,00 €
	PERDA A PARTIR DO 2ª CARNET DE USUARIO	3,00 €
	GASTOS DEVOLUCIÓN BANCARIA	1,00 €

Segundo: Aprobar as instrucións operativas para o funcionamento dos programas deportivos e servizos contemplados no proxecto de xestión vinculados a adxudicación deste contrato e especificamente en relación a instalación da Florida en relación os seguintes criterios:

- o Accesos a instalación:  
Definición concreta dos dereitos vinculados a entrada individualizada, definindo os posibles usos, os tempo de permanencia na instalación, etc.
- o Sistemas de altas e baixas:  
Definición dos procedementos vinculados coas opcións de abonados, cursos, etc., definindo os períodos de cada un dos servizos e especificando os procesos así como todas as obrigas para os usuarios/as.
- o Instrucións operativas para a definición dos usos das instalación.  
Usuarios dos Cursos .  
Usos das duchas e vestiarios.  
Usos das piscinas e da zoa de spa.  
Usos da sala de fitness e musculación.

Usos das salas de actividades.

Criterios para a reserva dos espazos deportivos.

Terceiro: Autorizar o Concelleiro Delegado de Deportes a aprobación dos cambios básicos nas instrucións operativas para o funcionamento descritas no apartado anterior, que por necesidade de adecuar o servizo, se solicite por parte da empresa adxudicataria, sempre en canto non afecten a aspectos fundamentais do contrato.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta proposta do director deportivo do IMD.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezanove minutos. Como secretaria dou fé.

am/rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.